

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E FARO DE VIGO, S.A.U, PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DOS PRODUTOS CULTURAIS GALEGOS.

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 112/2020, do 6 de setembro (Diario Oficial de Galicia número 181, do 7 de setembro) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, así como o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade .

Doutra parte, **D. Pedro Nuno Días da Costa**, con NIF 54660745 A actuando en nome e representación da empresa FARO DE VIGO, S.A.U., con NIF A36600815, inscrita co nº 3.854 no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

I.- Que os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, como sostén o Tribunal Constitucional, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos



asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.

Así mesmo, os medios de comunicación social desempeñan un papel fundamental na promoción e difusión cultural, estimulando o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos, así como facilitando o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía, ademais do seu fondo compromiso coa normalización do galego na prensa escrita.

II.- Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co obxectivo de reactivar e impulsar o tecido cultural, consciente da dura situación deste sector e da incerteza que dificulta o normal desenvolvemento da súa actividade, no marco dos acordos adoptados pola Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 e conforme as súas propostas de execución do Fondo Consenso, contemplado nos Orzamentos de la Comunidade Autónoma para o a 2021, vai proceder á convocatoria de concesión de axudas económicas dirixidas a propiciar a reactivación do sector cultural de Galicia, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado do cesamento e das restricións da actividade cultural, como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19.

A axuda farase efectiva a través dos bonos culturais, que poderán ser utilizados nos establecementos culturais radicados na Comunidade Autónoma de Galicia e adheridos ao programa.

Os usuarios dos ditos bonos culturais serán as persoas físicas maiores de idade que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo a dinamización e reactivación económica da actividade cultura do seu entorno.



III.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro das súas competencias de promoción e difusión da cultura galega, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector cultural, o colaborar conxuntamente cos medios de comunicación de maior difusión no ámbito da Comunidade Autónoma na difusión e promoción dos produtos culturais galegos e da súa adquisición a través do programa de bonos culturais, co que se pretende acadar a reactivación do sector cultural tan afectado pola pandemia da Covid-19 respectando a liña editorial dos medios e impulsando para iso as condicións necesarias para o exercicio da liberdade de expresión e o dereito á información, e contribuír, deste xeito, a formación e existencia dunha opinión pública libre e democrática.

IV.- Que FARO DE VIGO, S.A.U é un grupo de comunicación con implantación principalmente na Comunidade Autónoma de Galicia e, no marco das súas actividades, realiza un importante labor de comunicación e difusión social na área de influencia que abrangue a súa difusión, das actuacións da administración autonómica no ámbito cultural, en xeral, e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en particular.

IV.- En consecuencia, as partes acordan a formalización dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e FARO DE VIGO, S.A.U para a difusión entre a cidadanía e sociedade en xeral da oferta cultural de Galicia e da cultura galega, e a posible adquisición dalgúns dos produtos culturais a través do Programa Consenso de bonos culturais.



Segunda.- Compromisos das Partes

- 1 A colaboración de FARO DE VIGO, S.A.U consistirá nun incremento da información existente actualmente de tipo cultural nos medios de comunicación. Para acadar ese obxectivo terá as seguintes obrigas:
 - Inserción dun mínimo de 6 páxinas no Faro de Vigo , sobre os aspectos relacionados no obxecto deste convenio
 - Fixar a liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados. A elaboración da información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada. O volume e a frecuencia das noticias está absolutamente vinculado á intensidade informativa de cada momento e á actualidade informativa
 - Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
 - Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
 - A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os datos e información serán de elaboración e maquetación propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña o medio. Non obstante, a consellería informará e asesorará tecnicamente ao medio das novas no ámbito do programa e aqueloutra información que lle sexa solicitada polo dito medio e poderá formular en relación cos datos e información as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberán terse en consideración.



A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto obre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación (Anexo).

2. Serán obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

- Pagar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- Proporcionar á entidade os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información.
- A Consellería comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de subministro de información e difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.

As actuacións a realizar en ningún caso abranguerán ningunha das finalidades ou materias sobre as que o artigo 4 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional, estenda a súa prohibición.

Terceira.-Orzamento e financiamento

A achega que fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para posibilitar a realización das actuacións recollidas na cláusula anterior, será de 34.941,76€ e só cubrirá o custo de realización da actividade, sen que a entidade obteña beneficio nin lucro algún.



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria orzamentaria 10.40.432B.640.0, proxecto 2021 00159 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2021.

Cuarta.- Xustificación dos gastos e pagamento

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da entidade, unha vez que esta achegue a correspondente factura ou facturas xustificativas.

Así mesmo a entidade deberá presentar electronicamente coa data límite do **15 de decembro de 2021**, presentará a seguinte documentación xustificativa:

- 1 Declaración responsable asinada electronicamente da realización do obxecto do convenio.
- 2 Un certificado asinado electronicamente por persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas no convenio.
- 3 Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas que se acompañará dunha copia dos contidos editados e publicados polo medio en cuestión.

Para percibir o pagamento a entidade, presentará a antedita documentación a través da sede electrónica seguindo as seguintes instrucións:

Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) figura, na guía de procedementos e servizos, o modelo de solicitude co código do procedemento: **PR004A** (ANEXO I: presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado).

Para a presentación da documentación xustificativa deberán ter en conta os seguintes códigos:

Unidade administrativa	Código unidade
Secretaría Xeral de Cultura	A12024995



No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

Quinta.- Resultados conxuntos

O material xerado pola realización das actividades obxecto deste convenio será de titularidade e uso común das partes asinantes, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, o protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes poderán usar o material realizado ao abeiro deste convenio para fins de interese público, de xeito gratuíto e co consentimento expreso da outra parte. Farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da Xunta de Galicia e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo coas vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, segundo se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada Lei.

Sétima.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal



xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Oitava.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a entidade acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Novena.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Modificación e resolución do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.



- Acordo unánime de todos os asinantes.
- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décima primeira.-Réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.



Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.-Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, a un só efecto.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Universidade

Polo Faro de Vigo

Román Rodríguez González.

Pedro Nuno Días da Costa



ANEXO

**AUTORIZACIÓN PARA OBTENER OS CERTIFICADOS DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA
SEGURIDADE SOCIAL**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE E FARO DE VIGO, S.A.U., PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DO BONO
CULTURAL**

D/D^a con DNI, en calidade
de da entidade

AUTORIZO

Á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a obter de forma directa as
certificacións acreditativas de estar ao corrente nos pagamentos coa Axencia Estatal da
Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería
competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

(Sinatura)

....., dede

